

O NOVO DECRETO DO 'PLURILINGÜISMO' / A XUNTA, SEN APOIOS

# O PP queda só na defensa do decreto e anuncia que fará campaña a prol del

Educación garda silenzo absoluto sobre as entrevistas programadas co conselleiro Vázquez

D.L./C.D.P.  
GALICIA  
politica@xornaldegalicia.com

Logo do negativo informe da RAG acerca do borrador do decreto do galego, o PP parece quedarse ainda máis illado na defensa do seu texto. Por este motivo, o partido informou onte de que comenzará a facer "campaña" a prol do borrador por toda Galicia e tirando das súas agrupacións locais.

No marco do comité de dirección do PPdeG, celebrado onte en Compostela, o secretario xeral dos populares, Alfonso Rueda, incidiu na pretensión da súa formación de "levar a cabo unha campaña explicativa por toda Galicia". Segundo o tamén conselleiro de Presidencia, o inicio desta campaña será "a finais desta semana ou a próxima ao máis tardar". Aínda que o dirixente non fixo relación a custo nin a pagador, enténdese que será sufragada pola

agrupación popular xa que é unha iniciativa análoga ás da Xunta.

Rueda incidiu en que "a decisión de publicitar a proposta de decreto da Xunta foi aprobada por unanimidade" dentro do comité de dirección. Segundo manifestou, as informacións que as agrupacións locais do PP tentarán callar na sociedade pasan pola idea de que "os pais non están en contra de que os seus fillos aprendan unha lingua estranxeira, que todos están a favor de que os alumnos poidan examinarse na lingua que elixan" e que "non se debe penalizar a ningúen por usar o castelán ou o galego no aula". A campaña a prol do novo decreto tamén terá o seu reflexo nos medios de comunicación, segundo explicaron.

Na reunión do comité de dirección estivo presidente o conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, quen no día de onte comezou coa rolda de consultas sobre as bases do decreto. Non obstante, pouco se soubo dos encontros mantidos na pasada xornada xa que a premisa no seu departamento é gardar o máis absoluto silencio sobre o desenvolvemento das consultas. De feito, preguntados tanto sindicatos do ensino, como

asociacións de pais e de directores aseguraban a este medio no día de onte que só coñecían "o horario" no que tiñan sido convocados, pero non sabían ni se les tiña informado do resto das conversas. De feito, a presidenta de Galicia Bilingüe, Gloria Lago, manifestou "non saber" cuando se produciría a súa entrevista xa que, de momento, non contaban con aviso ningún.

Hoxe terán lugar as reunións cos sindicatos e a Mesa Pola Normalización

Na xornada de hoxe está previsto que os sindicatos da mesa sectorial do ensino – CIG Ensino, CC OO, UGT, ANPE e STEG – alerten á consellería de que a súa proposta "é irrealizable". Do mesmo xeito, está previsto que ás 19:30 da tarde teña lugar a entrevista dos responsables de Educación coa Mesa Pola Normalización Lingüística. Tanto a CIG como a Mesa denunciaron "o intempestivo horario" das súas citas, tratando de que estas non gocen de "cobertura informativa". ■



Alfonso Rueda, onte, tras o comité de dirección do PPdeG

FERRIN/AGN

## OS BERCIANOS PIDEN Á XUNTA VER A TVG

**En medio do conflito polo idioma no ensino, o colectivo cultural Fala Ceibe do Bierzo informou de que maná márcores asinarase en Compostela "un protocolo xeral de colaboración entre a Xunta de Galicia e mais a Junta de Castela e León". "Este protocolo tocará moitos aspectos como o ensino, a saúde ou o Xacobeo pero, moito nos tememos que esqueza o tema da recepción da Televisión Galega Dixital nos territorios de Navia-Eo, O Bierzo e As Portelas da Alta Seabra", explican os membros deste colectivo que se laian: "Dende o apagón analóxico non podemos sintonizar a Televisión Galega".**

# O sindicato FETE-UGT únese á manifestación do galego

REDACCIÓN  
GALICIA  
politica@xornaldegalicia.com

O sindicato FETE-UGT participará este xoves na manifestación convocada pola plataforma Queremos Galego en protesta polo modelo lingüístico que a Xunta propón nas bases do decreto do galego no ensino. Desta forma, a central sindical reivindicou "un chamamento á participación do conxunto da comunidade educativa".

En rolda de prensa, o portavoz de FETE-UGT, Marcelino Brea, recordou que o sindicato remitiu a pasada semana un documento á Consellería de Educación no que daban de prazo ata o día de onte para avaliar un total de 18 emendas a súa proposta de decreto no ensino. "Ante a ausencia de resposta



Participantes da manifestación de Queremos Galego o 18 de outubro

por parte do Executivo", decidiron sumarse á convocatoria de folga e á manifestación convocada pola plataforma cívica.

Brea criticou que as bases do decreto, que reducen o espazo do galego a un terzo, "provocarán que haxa-

familias vencedoras e perdedoras" e que "a súa aplicación suporá un caos na organización dos propios centros de ensino".

Tamén no día de onte a Asociación de Escritores en Lingua Galega uniu-se de forma oficial á manifes-

tación de Queremos Galego. Nun comunicado, a asociación expresa: "Perante as medidas involucionistas que o actual Goberno da Xunta vén pondo en marcha cara á lingua galega facemos un chamamento á comunidade educativa, ao igual que os máis de 600 colectivos que constitúen esta plataforma para apoiar o paro xeral do ensino do xoves 21". Un paro que tan só será efectivo nos centros públicos da comunidade. A AELG convide igualmente a osescritores galegos a "divulgar e facer pública a súa adhesión persoal a este pronunciamento colectivo nos diversos foros de comunicación".

Tamén a plataforma Nova Escola Galega chamou onte á "participación masiva" na folga contra a normativa ao entender que as bases do borrador do decreto do plurilingüismo "desprezan absolutamente toda

a armazón lexislativa construída ao longo de tres décadas, en especial o Plan Xeral de Normalización da Lingua galega, aprobado por unanimidade no ano 2004".

Os apoios á folga do xoves tamén chegaron onte desde fóra das fronteiras galegas. O STEG, unha federación a nivel estatal de traballadores do ensino, na que está incluída STEG, expresou por medio dun comunicado a súa solidariedade coa plataforma Queremos Galego "na súa loita por deter a aplicación do decreto da Xunta polo que se modifica substancialmente o tratamento da lingua nacional de Galiza ao ensino". STEG entende que "a agresión que supón o decreto da Xunta representa a política lingüística que quere impulsar o PP, co aplauso doutras formacións políticas, sindicais e sociais". ■